

**Madrygal.** Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62599>EDICIONES  
COMPLUTENSE

## Dramaturxia de Ferrol. O Grupo Autónomo de Lectura de Obras (GALO)

Francisco Oti Ríos<sup>1</sup>

Recibido: 9 de novembro de 2017 / Aceptado: 6 de abril de 2018

**Resumo.** Pretendemos con este traballo rescatar unha nova páxina da Historia do Teatro Galego para achegala á sociedade. Unha nova achega, ao noso entender, necesaria para recompoñer algunhas pasaxes do proceso de consolidación do sistema teatral galego que, por veces, poden ser descoñecidas ou ignoradas; pero que, indubidablemente, forman parte dela e de aí o interese. A nosa investigación céntrase no que podemos considerar o primeiro grupo de dramaturxistas de Galicia: media docia de persoas do teatro da comarca de Ferrol que decide constituírse en grupo autónomo de lectura de obras teatrais para estudar textos na súa vertente dramaturxica tanto temática coma formal, co obxectivo de difundir as súas achegas, a través de fichas, entre unha morea de interesados tanto en Galicia coma fóra.

**Palabras chave:** Galicia; artes escénicas; teatro; repertorio; dramaturxia de Ferrol; GALO.

### [es] Dramaturgia de Ferrol. El Grupo Autónomo de Lectura de Obras (GALO)

**Resumen.** Con este trabajo pretendemos rescatar una nueva página de la Historia del Teatro Gallego para acercarla a la sociedad. Una aportación, a nuestro entender, necesaria para recomponer algunos pasajes del proceso de consolidación del sistema teatral gallego que, en ocasiones, pueden ser desconocidas o ignoradas; pero que, sin ninguna duda, forman parte de ella y de ahí el interés. Nuestra investigación se centra en lo que podemos considerar el primer grupo de dramaturgistas de Galicia: media docena de personas del teatro de la comarca de Ferrol que decide constituírse en grupo autónomo de lectura de obras teatrales para estudiar los textos en su vertiente dramaturgica tanto temática como formal, con el objetivo de difundir sus aportaciones, a través de fichas, entre muchos interesados tanto de Galicia como de fuera.

**Palabras clave:** Galicia; artes escénicas; teatro; repertorio; dramaturgia de Ferrol; GALO.

### [en] Dramaturgy of Ferrol. The *Grupo Autónomo de Lectura de Obras* (GALO)

**Abstract.** The aim of this project is to rescue one new page of the History of Theatre in Galicia and bring it closer to the society. A contribution that, in our view, is necessary to rebuild some passages of the Galician Theatre system consolidation process, which can be sometimes unknown or ignored, while there is no doubt they are part of it and, hence, its interest. Our investigation is focused on what we can consider the first group of dramatists from Galicia; half a dozen of people from the theatre world of Ferrol that decided to become a play-reading autonomous group in order to study the thematic and formal drama aspect of the texts, with the aim to disseminate their contributions among many Galician and foreign stakeholders through the use of archive-forms.

**Keywords:** Galicia; Performing Arts; Theatre; Repertoire; Dramaturgy on Ferrol; GALO.

**Sumario.** 1. Preludio de GALO. 2. Cabezas de GALO. 3. Abrente de GALO. 4. Rede de GALO. 5. Repertorio de GALO. 6. Crítica de GALO. 7. Sistema de GALO. 8. Dispersión de GALO. 9. Solpor de GALO. 10. Dramaturxias de GALO. 11. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Oti Ríos, F. (2018): "Dramaturxia de Ferrol. O Grupo Autónomo de Lectura de Obras (GALO)", en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 21, pp. 173-188.

<sup>1</sup> Academia Galega de Teatro.  
Correo-e: [pacooti@gmail.com](mailto:pacooti@gmail.com)

## 1. Preludio de GALO

Que a historia do noso teatro se agoche con intención ou sen ela, ou que non chegue a ser coñecida, non quere dicir que esta non exista. A actividade teatral en Galicia nos anos setenta foi de vertixe, e por iso esa época resulta de interese para nós, porque define en boa medida a realidade actual do noso teatro, e aínda que moitas das súas manifestacións xa están recollidas e estudadas, ao remexer no pasado sempre podemos atopar algúns asuntos de interese.

Certo é que podemos facer unha reconstrución da nosa historia teatral a través daquelas obras que recollen polo miúdo os feitos paradigmáticos do Teatro Galego; esas obras que nos serven de referencia e que determinan o estado da cuestión, mais tampouco é menos certo que, por veces, podemos atopar nalgúns estratos máis profundos actividades que fornecen datos significativos e con valor de seu.

E aínda que fagamos unha síntese histórica con aqueles acontecementos grandiosos e fundacionais, debemos ter en conta tamén que canda eles coexisten outras actividades que contribúen a magnificar eses propios paradigmas e que axudan a consolidar e comprender mellor o sistema.

Podería ser o caso do Grupo Autónomo de Lectura de Obras (GALO), que non debemos confundir coa Agrupación Cultural O Galo creada en Santiago en 1961. Este GALO creado en Ferrol nos anos setenta é o grupo do que pretendemos rescatar a súa esquecida actividade, a súa incidencia no sistema, a difusión das súas achegas, o intercambio entre este e outros grupos e as posibles influencias da súa actividade no repertorio literario e teatral.

De todas formas cómpre tamén aclarar que non hai mal ningún no descoñecemento cando este é por fin recoñecido, xa que a súa descuberta para unha posta en común sempre incita á reflexión. Así o conta o propio Manuel Lourenzo:

En 1965 yo ignoraba que hubiese existido, salvo algunas excepciones más o menos relevantes, teatro gallego. Y me propuse inventarlo, aprovechando una sugerencia que, con fines expresamente políticos, me había hecho un grupo de

amigos-camaradas. Fue así como nació el primer grupo independiente de teatro de Galicia, a la sombra de la Asociación Cultural O Facho, una de las pioneras de la posguerra. Como digo, la ignorancia, aliada a una buena dosis de soberbia, llegó a magnificar de tal manera aquel evento, que recibí como una bofetada la protesta de D. Leandro Carré Alvarellos cuando, tras una función en el barrio coruñés de A Gaitreira, a mi aseveración de que no había en Galicia una tradición teatral original, protestó airadamente, ofreciéndome un trabajo suyo, «O Teatro Galego» (Porto, 1960), en el que contabilizaba unas doscientas obras a partir de finales del siglo XIX. (Lourenzo 2003: 87)

Non pretendemos nós, aprendendo de Lourenzo, inventar, polo tanto, unha historia do teatro galego, mais si considerar algunhas pasaxes esquecidas ou pouco tratadas. Tamén nos move unha necesaria revisión da idea centralista que se tiña do teatro galego, como a que atopamos no *Anuario Teatral 1987*:

Hace ya ocho años que, desde el Ministerio de Cultura, viajaron a Galicia varias personas que querían conocer de cerca el ambiente teatral de la zona para intentar potenciarlo; encontraron, entonces, a una pequeña serie de grupos aislados, desperdigados, sin ayuda ni conexión alguna. La iniciativa de aunarlos y empujarles no cuajó entonces, pero en Galicia no han faltado nunca los intentos y es de desear que cuajen cuantas más y mejores compañías del tipo de la que hemos tenido ocasión de conocer en Madrid<sup>2</sup>.

Esta visión de Alberto de la Hera, crítico teatral nese intre e Director General de Teatro y Espectáculos na primeira lexislatura das Cortes Españolas (1979-1980), é sintomática da idea que o Estado tiña do teatro galego, que non se correspondía coa realidade teatral de Galicia. Nesa década xa se celebraban, entre outros, os primeiros certames Máscara de Ouro de Lugo (1970-71), as Xornadas de Teatro (1972-78) e as Mostras de Teatro Galego de Vigo (1975-79); nacía o Centro Coordinador do Teatro Galego<sup>3</sup> (1975), as Mostras de Teatro Galego de Ribadavia (1973-1980), as primeiras xornadas de teatro infantil no Colexio Os Hexágonos de Barallobre, Fene (19-22 abril de 1975); a Asemblea do Teatro Galego era constituída en Santiago

<sup>2</sup> Extracto dunha crítica de Alberto de la Hera en *Anuario teatral 1987* ao espectáculo *Xogos de Damas* da compañía Teatro do Malbarate (VV. AA. 1987: 149-150; o orixinal en *Ya* 18/07/1987).

<sup>3</sup> Vieites 2007: 198.

(setembro de 1977), os primeiros festivais de Teatro Galego de Cariño (1978), a Mostra de Teatro Galego no Kiosko Alfonso da Coruña (1979), os Cadernos da Escola Dramática Galega, os premios O Facho, Abrente e Infantil e Adulto do Ateneo Ferrolán; o Boletín Informativo do Teatro Galego *Don Saturio* (1980), entre outras moitas actividades. Todas elas eran xa unha realidade contundente naquel momento.

Algúns destes acontecementos, foran endóxenos ou esóxenos, serían de grande importancia para o sistema teatral galego, entre os que cabe destacar: a creación da Asemblea do Teatro Galego (1977), a abolición da censura teatral, anulada por Real Decreto (27/01/1978), ou o nacemento do “Teatro Profesional Galego” que se rexistra con dúas estreas no Salón de Actos do Colexio La Salle de Santiago de Compostela: *Laudamuco señor de Ningures* do Grupo de Teatro Antroido dirixido por Eduardo Alonso<sup>4</sup> (16/05/1978) e *O velorio* da Cooperativa Teatral Troula<sup>5</sup>, dirixido por Antonio F. Simón (03/06/1978). Este feito, que sería máis tarde conmemorado polo CDG (2003) no seu 25 aniversario, marcaría xa para sempre o punto de partida da profesionalización do Teatro en Galicia.

Poucos anos despois desas estreas, en 1980, libraríase a primeira das batallas para que as compañías puideran vivir do seu traballo. O campo de batalla sería en Ribadavia no marco da que sería a derradeira mostra de Abrente; esta lea provocaría unha fenda cismática co que era punto de encontro anual para o Teatro Galego.

Nese mesmo ano varias compañías e grupos, reunidos en Sada, crean a Asociación Profesional do Teatro Galego<sup>6</sup> con Eduardo Alonso como presidente. Esta asociación nace con dous obxectivos principais: a defensa dos intereses profesionais dos traballadores do Teatro Galego, e a realización de todo tipo de actividades encamiñadas a mellorar as condicións culturais e laborais dos seus asociados (Alonso 1981: 2-4).

Tamén se falaba entón da necesidade de creación dun Centro Nacional de Teatro Galego (Gómez 1980: 6), cuxa sede se situaba en

Santiago; mais as opinións eran diversas e había quen dicía que “o teatro hai que espallalo e non crear un organismo burocrático para centralizar en Santiago aos profesionais. O que se trata é de estabilizar a itinerancia”<sup>7</sup>. Así pois, houbo que agardar catro anos máis ata acadar as condicións profesionais e políticas propicias para a creación do Centro Dramático Galego, que chegaría en 1984 da man de Eduardo Alonso e Luís Álvarez Pousa.

Xa que logo, aínda que nesa altura estivese en construción, o sistema teatral galego non estaba tan carente de estruturas, nin podemos considerar a Galicia como unha selva amazónica na que vivían grupos de teatro illados e incomunicados.

Polo tanto, daquela xa existían compañías, espectáculos, foros, formas de comunicación, canles para difusión teatral e diálogo, moito diálogo. E quizais por iso xorden tantas actividades e proxectos que van conformando o sistema; o que vén a demostrar que esa foi unha década gloriosa e determinante para o Teatro Galego que dá inicio á etapa do teatro profesional para deixar atrás as fases de eclosión (1965-1973) e desenvolvemento do teatro independente (1973-1978) (Vieites 2007: 191).

## 2. Cabezas de GALO

O grupo GALO nace no seo do colectivo teatral Arastora, ao que se suman amantes do teatro e da literatura e membros doutros grupos de teatro da bisbarra ferrolá.

Nesa altura, o grupo Arastora contaba tamén cun Equipo de Estudos Teatrais que editaba unhas “follas voandeiras” con listaxes das entidades da comarca que programan ou contratan teatro galego e outras cuestións de técnicas teatrais ou de produción. Nelas podemos atopar máis de sesenta entidades con representantes, enderezos e contactos telefónicos, distinguindo aquelas que xa contrataban ou programaban teatro galego de forma habitual. Estas listaxes incluían: sociedades culturais, deportivas, recreativas, asociacións de pais de alumnos, asociacións de veciños, centros culturais, liceos, casinos, teleclubs, etc.

<sup>4</sup> Véxase ao respecto: [https://academia.gal/figuras-homenaxeadas/-/journal\\_content/56\\_INSTANCE\\_8kIA/10157/105410](https://academia.gal/figuras-homenaxeadas/-/journal_content/56_INSTANCE_8kIA/10157/105410).

<sup>5</sup> Gómez 2003: 49.

<sup>6</sup> Noticia sen asinar en *La Voz de Galicia* 23/10/1980. A estas xornadas asistirían Teatro da Mari-Gaila, Teatro Andrómene da Cooperativa Teatro do Estaribel, Teatro Artello, A Farándula, Compañía Luís Seoane, Troula, Cinza e Tagallo.

<sup>7</sup> Noticia sen asinar en *La Voz de Galicia* 14/11/1980.

O grupo GALO nace cunha formación equilibrada na cuestión de xénero; estaba integrado por: Eva Campo Rodríguez, Delia Vázquez Vázquez, María Antonia Sánchez Vigo, Ánxeles Lombao, Gonzalo Rodríguez Calvo, Luís Yusty García e Xaquín Lado. Catro mulleres e tres homes que proviñan da actividade docente e dos grupos creados nos institutos e mais de diferentes grupos teatrais asentados no asociacionismo teatral de base como Pequeno Obradoiro de Teatro, Teatro Libre Galego ou Arastora.

Eva Campo, grande defensora do teatro na educación en tempo lectivo<sup>8</sup>, cuxa vida laboral e creativa consta de dúas etapas diferenciadas, a primeira ata 1987 no Instituto Camilo Alonso Vega<sup>9</sup> de Ferrol e a segunda no Instituto Xelmírez II en Santiago de Compostela ata o ano da súa xubilación (2010); Eva desenvolve, en ambos casos, un labor teatral salientable e constante traballando con alumnas, alumnos e mesmo con profesores dos centros. Do seu traballo sairían montaxes de altísima calidade estética e interpretativa, e mesmo autoras, actrices e actores que pasarían a engrosar as listaxes do sistema unha vez rematados os seus estudos. Eva Campo intégrase ao grupo GALO con paixón (realiza o 25% das fichas) e con ela tamén se incorporan tres profesoras máis: a súa compañeira do Instituto Feminino María Ánxeles Lombao Valcarce –tamén agregada naquel intre (1977) como profesora de lingua e literatura– e dúas compañeiras do Instituto Masculino: Delia Vázquez Vázquez –quen fora alumna de Ricardo Carballo Calero, profesora non numeraria de lingua e literatura castelá nesa altura e profesora agregada da devandita materia no Instituto Concepción Arenal da mesma cidade dende 1977 ata 2010– e María Antonia Sánchez Vigo –quen sería, poucos anos despois, profesora agregada do INB Salvador de Madariaga da Coruña (1980).

En canto aos homes, temos a Luís Yusty García, persoa con grande capacidade de liderado, director dos grupos de Declamación do Toxos e Froles (1975)<sup>10</sup> e de Arastora, que exerceu a crítica teatral cunha mancha de

opinións<sup>11</sup> que hoxe forman parte xa das hemerotecas; Gonzalo Rodríguez Calvo, tamén vinculado ao grupo Arastora e ao Grupo de Declamación do Toxos e Froles, quen posteriormente ingresaría no grupo Teatro Círculo de Perlío e Tagallo, hoxe membro do consello editorial de *Erregueté. Revista Galega de Teatro* e secretario da Asociación de Amigos do Teatro Jofre; e o doutor Xaquín Lado moito antes de licenciarse en medicina, por aquel entón, actor no Pequeno Obradoiro de Teatro e, pouco despois, no Teatro Libre Galego, hoxe excelente doutor en endocrinoloxía que chegou a prestar servizos como investigador nos Estados Unidos de América.

Podemos dicir, polo tanto, que estamos diante dun equipo de expertos: catro mulleres que veñen do ensino na especialidade de lingua e literatura con experiencias teatrais nos centros, e tres homes que veñen do teatro afeccionado e de distinta condición laboral; todos unidos por un factor común: o teatro.

Ese nexos e a capacidade de análise sistémica semellan ser os detonantes da labor do grupo. Non parece, pois, froito da casualidade a inxente actividade do GALO, a súa capacidade de recensión e de estudo dramaturxico dos textos. Tampouco cremos que houbera un coñecemento previo da *Dramaturxia de Hamburgo* de Gotholdt Ephraim Lessing, xa que a primeira tradución ao castelán aparece en España da man da Asociación de Directores de Escena (ADE) en 1993, aínda que anteriormente xa fora traducido ao catalán e publicado nas coleccións do Institut del Teatre de Barcelona<sup>12</sup>; e o de dramaturxista<sup>13</sup> é un concepto que se aplicou e desenvolveu máis en Alemaña ou nos Estados Unidos que aquí, onde aínda está a ser reivindicado. Si se tiña empregado entón, e en certos foros, o termo de dramaturxia<sup>14</sup>, relacionado entón coas labores de dirección de escena, de tradución e/ou da versión.

Se Lessing propón na presentación da súa *Dramaturxia de Hamburgo* unha análise das pezas teatrais programadas no Teatro Nacional

<sup>8</sup> Véxase ao respecto *La Voz de Galicia* (Ferrol) 07/05/1983, p. 30.

<sup>9</sup> Inaugurado en 1967 como Instituto Feminino e desde a década dos 80 Instituto Sofía Casanova.

<sup>10</sup> Véxase a entrevista asinada por (José ou Francisco) Varela a Luís Yusty e Gonzalo Rodríguez publicada en *La Voz de Galicia* 26/09/1975.

<sup>11</sup> Véxase ao respecto Biscainho-Fernandes 2006: 194, 197, 221, 224, 225 e 257.

<sup>12</sup> Véxase ao respecto Hormigón 1993: 8.

<sup>13</sup> Véxase: <http://dicionarios.consellodacultura.gal/termosescnicos/termos/dramaturxista>.

<sup>14</sup> Véxase: <http://dicionarios.consellodacultura.gal/termosescnicos/termos/dramaturxia>.

acadando máis dun cento de críticas –“Esta Damaturgia debe efectuar un registro crítico de todas las piezas teatrales que se representen...” (Lessing 1767 [1993]: 77)<sup>15</sup>–, o GALO afronta un traballo de rexistro e análise dramaturxica que acada 78 textos de autores galegos, algúns dos cales acadan o status de canónicos<sup>16</sup> nesa altura ou no tempo inmediatamente posterior, e unhas poucas traducións ao galego<sup>17</sup>. En ambos casos atopamos unha diversidade de autores e unha fragmentación temporal. No caso de Lessing ten que ver co calendario da programación do Teatro Nacional no que está contratado como dramaturxista. No caso do GALO, os seus estudos dramaturxicos están centrados nunha escoixa de textos que quizais conforma o primeiro repertorio teatral galego, para estudar, cunha mirada experta, aqueles aspectos dramaturxicos que teñen unha consideración importante nos procesos de produción e montaxe de espectáculos, e establecer unha relación entre o texto, o autor e a produción; unhas achegas importantes que adquiren aínda máis valor cando poden ser rescatadas para a nosa historiografía teatral.

O GALO, sen ter relación contractual con algunha institución teatral –non como ocorreu no caso de Lessing<sup>18</sup>–, fai uns estudos profundos dun repertorio variado, analiza os textos, os contextos, a configuración e características dos personaxes, e mesmo a posible recepción do público, características claras da labor do dramaturxista que interveñen na definición do repertorio<sup>19</sup> e do canon<sup>20</sup>.

### 3. Abrente de GALO

Podemos situar o período activo de GALO entre setembro de 1977 e mediados de 1979. Aínda que o período de envío de fichas remata en decembro de 1978, as actividades do grupo continúan en xaneiro e febreiro de 1979 coa elaboración das cinco derradeiras fichas e o grupo continúa en activo como membro da Asemblea do Teatro Galego da Bisbarra Ferrolá (ATG-BF)<sup>21</sup>.

Puidese ser que a idea do grupo de lectura comezara a se forxar arredor de 1975, xa que atopamos unha ficha datada nese ano; mais, fose como fose, a creación do grupo GALO está documentada no día 8 de setembro de 1977, que nace cos obxectivos de: (1) colaborar no crecemento do teatro galego e (2) elaborar fichas das obras de teatro existentes, para o seu espallamento a persoas, grupos de teatro e agrupacións culturais que o requiran.

Os membros do grupo tiñan a obriga de elaborar, como mínimo, unha ficha mensual que se cubría no modelo estandarizado para entregar ao distribuidor, quen avisaba ao coordinador da entrega. En menos dun mes o distribuidor sacaba copias das fichas orixinais para repartir entre os membros do grupo, e tamén se encargaba da súa distribución á listaxe de receptores que, na súa etapa final, chegou a superar a cifra de medio cento.

Correspondíalle ao coordinador convocar as xuntanzas, darlles inicio e rematalas, levar

<sup>15</sup> A ese respecto comenta Paolo Chiarini na introdución da edición española da *Dramaturgia de Hamburgo*: “La *Hamburgische Dramaturgie* quiere ser una reseña crítica de todos los trabajos que se van a representar, y acompañará paso a paso a poeta y actores en su andadura. Sabemos, sin embargo, que dicho programa se llevó a cabo sólo en medida mínima, tanto en lo que se refiere a la crítica de espectáculos como en lo que concierne al análisis dramaturgico de cada uno de los textos” (1993: 16).

<sup>16</sup> Ante a dificultade actual de afrontar un estudo pormenorizado no que figuren todas as referencias dos textos e autores estudados polo GALO que acadaron o status de canónicos nesa altura, relacionamos deseguido algúns exemplos significativos dos que acadaron esa condición, indicando entre parénteses as compañías ou grupos que os montaron e o ano da estrea: de Manuel Lourenzo: *Viaxe ao país de Ningures* (Artello, 1978) e *Romaría ás covas do demo* (Teatro Círculo de Perlío, 1976); de Euloxio Rodríguez Ruibal: *O cabodano* (Escoitade de Valadares, 1978) e *Zardigot* (Teatro Circo, 1974-5-6); de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao: *Os vellos non deben de namorarse* (Teatro Circo, 1977; Xenio de Mourente, 1976; Pantomima de Moaña, 1976); de Eugenio Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida: *Mal de moitos* (Arestora, 1975-6) ou *Trato a cegas* (Agarimo de Sillobre, 1980); de Eduardo Blanco Amor: *O cantar dos cantares* e *A tía lambida* (Teatro Círculo de Perlío, 1975-6) ou *Amor e crimes de Xan o Panteira* (Antroido, 1977; Artello, 1977; Asociación Cultural Victoria de Vigo, 1980); de Roberto Vidal Bolaño: *Ladaíñas pola morte do meco* (As Traíñas de Cariño, 1978) e *Laudamuco señor de ningures* (Antroido, 1978); de Manuel María Fernández Teixeiro: *Farsa de Bululú* (Tagallo, 1979).

<sup>17</sup> Véxase ao respecto a epígrafe 5 deste traballo (Repertorio de GALO) e mailas fichas: 2, 23, 33, 40 e 50a no apartado 10 (Dramaturxias de GALO).

<sup>18</sup> Lessing foi contratado como consultor e crítico no Teatro Nacional de Hamburgo en 1767.

<sup>19</sup> Véxase: <http://dicionarios.consellodacultura.gal/termosescenicicos/termos/repertorio>.

<sup>20</sup> Véxase: <http://dicionarios.consellodacultura.gal/termosescenicicos/termos/canon>.

<sup>21</sup> Véxase ao respecto Vieites 2007: 198.

prevista unha orde do día, e facer de moderador e dinamizar e controlar a produción de fichas.

As fichas, como podemos apreciar na figura 1, responden a unha estrutura formal fixada na que constan os seguintes datos: numeración da ficha, título da obra, autor, ano da escrita, ano da edición, editorial, se foi representada ou non, duración aproximada, onde atopar a obra, número de personaxes e xénero, mínimo de actores e xénero, lugar dos feitos, tipo de

persoas representadas, xénero teatral, mensaxe ao público, descrición da acción principal, realizador da ficha, data da realización e breve opinión persoal do realizador.

Este esquema non varía moito do xa esbozado nas primeiras fichas de 1975 e 1976 elaboradas polos membros de Arastora Gonzalo Rodríguez e Luís Yusty, o que nos leva a pensar que o modelo inicial foi sometido ao grupo para ser discutido e aprobado con poucas modificacións.

TÍTULO.-- "A OUTRA BANDA DO IBERR". Ficha de Teatro.-- 38.

AUTOR.-- Xohana Torres.

ESCRITA NO ANO.-- 1965. REPRESENTADA.--

PUBLICADA NO ANO.-- 1965. DURACIÓN APROXIMADA.-- I I/2 hora.

EDITORIAL.-- Galaxia.

PROPIETARIO DO EXEMPLAR LEÍDO.--

---

LUGAR DOS FEITOS.-- O val de Mañr: a) Casa de Estifen. b) Cabana perto do río.

TIPOS DE PERSOAS REPRESENTADAS.--

- Malen de Escó, muller de Estifen Beng, insatisfeita coa súa situación, idealista e triste.
- Estifen Beng, o coronel, conforme coa situación establecida.
- Manj Beng, pai de Estifen, enfrentado ó seu fillo.
- Kurr Lois, idealista, loitador e namorado de Malen.
- Marcos Saundem e o rapaz de Engroba, son dous exiliados que tentan escapar.

---

XÉNERO TEATRAL.-- Drama en tres actos.

MENSEXE AO PÚBLICO.-- A insatisfacción producida por unha situación opresiva e inxusta. O forte desexo de voltar á terra nai.

---

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN PRINCIPAL.-- Os dous primeiros actos pasan na casa do coronel Estifen, neles se prantexa a situación de anguria pola que pasan dous persoaxes (Malen e o vello Manj), producida pola seu exilio na banda dereita do Iber, domeñada polo nemigo invasor. Aparez a tensión entre Malen e o seu home Estifen que está totalmente abungueado e de acordo co nemigo hastra chegan a formar parte do seu exército. É ademais cómplice do asesinato de Ekoar, amigo de Malen, cando tentaba fuxir á outra banda. Aparez na escena Kurr (irmán de Ekoar) e prantexa a Malen a posibilidade de escapar; case a convence, pero ó final ésta decide deixar o seu posto pra que escape o seu sogro, a pesares de que Kurr lle confesa o seu amor por ela. Ela non ten forza pra rachar coa situación que está a punto de volvela tola.

---

REALIZADOR DESTA FICHA.-- Eva Campo. DATA.-- Abril -- 78.

BREVE OPINIÓN PERSOAL.--

A obra ten tensión dramática i encerra certo misterio, situacións veladas e verbas pouco craras. Pódese interpretar que a banda dereita representa a opresión, e a esquerda a liberdade.

Figura 1

#### 4. Rede de GALO

O grupo chegou a realizar 81 fichas<sup>22</sup> individuais que foron distribuídas en fotocopia aos grupos de teatro da comarca nas reunións da Asemblea do Teatro Galego da Bisbarra Ferrolá e a medio cento de solicitantes espallados pola nosa comunidade autónoma que estaban subscritos á súa recepción<sup>23</sup>; deste xeito o grupo GALO creaba unha rede de distribución sen precedentes. Aínda que unha porcentaxe alta dos receptores se atoparan na comarca ferrolá (Ferrol, Fene, Mugardos e Neda), a rede tamén se estendía a Cedeira, Cariño, Burela, Ortigueira, Cabanas, A Coruña, Santiago, Carballiño, Vigo e mesmo a Vegadeo en Asturias.

Entre os receptores das fichas atopamos entidades e nomes de relevancia como: Celestino Ledo López, director dos grupos Teatro Círculo de Perlío e Latexo, e primeiro director da Escola de Teatro de Narón; Pepe Lúgaro do grupo Teatro Círculo de Perlío, Antón Lamapereira, por entón director do grupo da Universidade Laboral da Coruña; Agustín Magán, director do grupo DITEA; Teatro Antroido, Antonio Peña Villar e Santiago Varela do Grupo Malveira da Confraría de Pescadores de Cariño, o Grupo Leticia de Burela, varios teleclubs da comarca, asociacións de veciños e asociacións de pais de alumnos de distintos centros de ensino, os grupos de teatro Avantar do Carballiño e Escolade de Valadares, Vigo; Josefina Alcaraz do Colexio Lestonnac de Caranza en Ferrol, lugar de referencia para o teatro independente e para os cinéfilos da comarca que tamén contaba cun grupo de teatro que ela mesma dirixía; José Antonio Perozo, que seguía desde Vigo as actividades do grupo GALO; Luís Rico Castro, activista cultural de recoñecida conciencia e militancia nacionalista e directivo da Sociedade Cultural e Recreativa “Casino Progreso” de Franxa no Concello de Mugardos; ou o director teatral, crítico e xornalista Xosé Lorenzo Regal.

#### 5. Repertorio de GALO

En marzo de 1978 o GALO recompila nun índice as primeiras 35 fichas. A boa acollida das recensións dramaturxicas levaría a que en xuño do mesmo ano a relación de obras a enviar fora de 50 títulos; no envío inclúese, cunha etiqueta concreta, aqueles textos que son infantís. Polas referencias sinaladas nas fichas en febreiro de 1979 a lectura de obras dilúese, acadando a cantidade total de 81 fichas.

No repertorio dos textos analizados atopamos unha grande variedade que vai desde os textos da dramaturxia primixenia galega, á escrita contemporánea e mesmo algúns textos inéditos de autores achegados aos membros do grupo ou que puideron ser presentados a premios nos que os membros de GALO actúan como xurado.

Mais tamén atopamos un texto en portugués *As cadeiras celestes* de Norberto Ávila; unha tradución realizada para o GALO por Hermitas Fernández Sueiras de *O triciclo* de Fernando Arrabal (ficha 2); unha tradución de Delia Vázquez para o Pequeno Obradoiro de Teatro de *Curriculum Vitae*<sup>24</sup> de Xosé Ruibal (ficha 33); *O carteiro do Rei* de Rabindranath Tagore (ficha 40) en versión galega de Xulio Cuns Lousa (Edicións do Castro 1976); ou *A comedia da oliña* de Tito Maccio Plauto (ficha 50a) con tradución de Aquilino Iglesias Alvaríño (Galaxia 1962).

Isto define unha escollo de repertorio que contempla, ademais dun texto en portugués e dalgunhas traducións e versións ao galego, textos dos precursores do teatro galego –como Antón Vilar Ponte, Leandro Carré Alvarellos, Antón Xil, Manuel Comellas Coimbra, Vicente Risco, Rafael Dieste, Ramón Cabanillas ou mesmo algún parrafeo dos ferroláns Eugenio Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida– mesturados coa nova dramaturxia galega daquel tempo, tanto autores recoñecidos como

<sup>22</sup> Aínda que a derradeira ficha dos envíos aos receptores leva o número 73, en realidade o número de fichas é de 81, xa que hai unha obra duplicada que foi rexistrada por dous membros diferentes cos números 3 e 3A, dúas fichas de distintas obras co mesmo número de orde (50 e 50A) e cinco fichas máis que non se chegaron a enviar (nº 74 a 78 no apartado 10 deste artigo), ás que hai que sumar unha ficha anterior á creación do grupo GALO que vai numerada co número cero (0).

<sup>23</sup> Véxase ao respecto Biscainho-Fernandes 2006: 64-65.

<sup>24</sup> O Grupo estrearía a peza baixo o título *De ti, de min, de todos nós. (Curriculum vitae)* e sería programada na VI Mostra de Teatro de Ribadavia (25/05/1978), na Mostra de Teatro Galego de Vigo (08/07/1978) e en varios espazos da comarca ferrolá como o Casino de Franxa, o Tele club de Pedroso, a Asociación de Veciños de Santa Mariña ou o Barrio do Pilar, en Ferrol.

os emerxentes do momento –como Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carballo Calero, Carlos Casares, Eduardo Blanco Amor, Daniel Cortezón ou Xohana Torres; tamén da Xeración de Abrente, como Manuel Guede Oliva, Euloxio Rodríguez Ruibal, Roberto Vidal Bolaño ou Manuel Lourenzo–, como algúns autores da comarca aínda descoñecidos que comezan a destacar como dramaturgos –Celestino Ledo López, Ánxela Loureiro Fernández, Alicia Serantes, Pedro Blanco Llano ou Paulo Vaamonde.

Esta diversidade dálle á oferta das fichas do GALO unha amplitude de opcións tanto xenéricas coma de estilo, imprime un valor canónico e divulgativo, e transforma o resultado nunha guía necesaria do repertorio teatral; un traballo dramaturxico de óptimo resultado que conxuga o pasado co presente e traballa para o futuro.

A información dada, resumida á esencia, contribúe a formar un pensamento directo e a espallalo entre os seus receptores. Podemos dicir que estamos diante dun personaxe colectivo formado por media ducia de persoas de diferente condición que destacarían na sociedade polo seu labor teatral e por outras facetas profesionais, pero que como membros dun grupo se sometían ao esforzo común de extraer datos e formular opinións sobre textos teatrais e iso dáballes unha unicidade que permanece.

En todas as fichas atopamos ademais dunha “Breve opinión persoal”, un apartado de “Mensaxe ao público”, no que se resume un concepto semellante ao que Robert McKee denomina a idea controladora<sup>25</sup>, como podemos apreciar nos seguintes estratos dalgunhas fichas:

Ficha nº 25 de Delia Vázquez sobre *O triangulo ateo* de Xenaro Marínhas del Valle. Mensaxe ao público.- “A política vixente, o orde establecido e admitido pode acabar coa intelixencia, co home vivo e pensante. Pro isa «Filosofía oficial» tamén pódese berrar dun plumazo”.

Ficha nº 38 de Eva Campo sobre *Á outra banda do Íberr* de Xohana Torres. Mensaxe ao público.- “A insatisfacción producida por unha situación opresiva e inxusta. O forte desexo de volver á terra nai”.

Ficha nº 40 de Gonzalo Rodríguez sobre *O carteiro do rei* de Rabindranath Tagore. Mensaxe ao público.- “A solidariedade nas crases populares.

A compensación entre o mundo das ideas e a realidade: canto máis vai morrendo a vida, máis vai medrando o plano ideal, de xeito que a morte coincide co cumprimento de todos os desexos. Esta dialéctica ven prantexada no mundo inxel dos desexos dun neno enfermo”.

Ficha nº 42 de Xaquín Lado sobre *Laudamuco Señor de Ningures* de Roberto Vidal Bolaño. Mensaxe ao público.- “Amosa un momento crucial na vida de tres individuos: Rouco, Laudamuco e Minia. Laudamuco está agardando a morte, i é un continuo baúl de peticións, frustracións e represións. Con Rouco trátase de mostrar o aspecto de fidelidade a unha causa. Minia é a revolución; non admite o poder do rei nin comprende a actitude de Rouco”.

Ficha nº 44 de Luís Yusty sobre *Informe sobor dunha terra* de Manuel Guede Oliva. Mensaxe ao público.- “Hai unha mensaxe de dor e pranto secular; e unha grande valoración do traballo da terra. A resistencia na loita, na procura do abrente, da liberación. O personaxe colectivo é o pobo galego, abraiado pola invasión das súas terras por intereses capitalistas alleos. Ao remate aparece unha variante moderna, na proposta do «traslado da poboación»”

Ficha nº 52 de María Antonia Sánchez Vigo sobre *Paco Pixiñas* de Celso Emilio Ferreiro. Mensaxe ao público.- “É unha crítica do home que refuga o seu pobo por acadar a riqueza individual”.

Ficha nº 71 de Ánxeles Lombao sobre *Os Irmandiños* de Daniel Cortezón. Mensaxe ao público.- “A revolta irmandiña fracasa pola mestura de intereses distintos nos propios revoltados, e tamén por ser unha guerra pequena. Roi Xordo, capitán dos Irmandiños, é un personaxe de gran forza teatral e ideolóxica que vai entendendo, ao longo da loita, que non abonda con destruír un tirano e poñer outro no seu lugar, senón que o mal está na propia «arquitectura» do poder absoluto”.

## 6. Crítica de GALO

Durante o período activo do GALO non existía na comarca de Ferrol unha crítica teatral especializada, mais de todas formas aparecen nos xornais algunhas críticas de espectáculos e tamén crónicas das actividades culturais e mesmo por veces exclusivamente teatrais. As sinaturas destes artigos e críticas están relacionadas fundamentalmente, agás raras excepcións, con membros dos grupos ferroláns

<sup>25</sup> “Unha idea controladora pódese expresar nunha única frase que describa como e por que a vida cambia dunha situación ao principio ata outra ao final” (McKee 2009: 149).



como: Arastora, Pequeno Obradoiro de Teatro, Teatro Libre Galego, Teatro Círculo de Perlío e Tagallo.

Mais tamén comezan a aparecer críticas e artigos de corresponsais que iniciarán un labor permanente de crítica nos medios como Manuel Beceiro<sup>26</sup>, Germán Castro<sup>27</sup> ou os irmáns Francisco e José Varela, á par de interesantes opinións puntuais como a de Ramón Yañez Brage<sup>28</sup>.

De Arastora temos constancia de críticas de Gonzalo Rodríguez<sup>29</sup> e Luis Yusty<sup>30</sup>; de Pequeno Obradoiro de Teatro de Xosé Lorenzo<sup>31</sup>; de Teatro Círculo de Perlío de Celestino Ledo<sup>32</sup>; mais tamén atopamos críticas que podemos atribuír a calquera dos anteriores asinadas como Colectivo Ferrolán de Crítica Teatral<sup>33</sup>.

Algúns destas persoas continuarían coa práctica da crítica en varios medios e quizais Xosé Lorenzo, o director do grupo Pequeno Obradoiro de Teatro e receptor das fichas de GALO, sería quen máis desenvolvería esta faceta tanto na prensa escrita coma na radiodifusión, destacando nesa actividade en Ferrol, en Santiago de Compostela, nas mostras de Teatro Galego Portugués de Cariño, nas Mostras de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, no FI-TEI de Porto ou no Festival de Teatro de Sitges en Barcelona.

Porén, non debemos esquecer o labor doutros como Gonzalo Rodríguez, que participou e impulsou programas de teatro na radio, tanto na pública (Radio Fene) co programa “Isto é Teatro” que realizaba conxuntamente coa actriz do Teatro Círculo de Perlío Xoana Balado, coma na privada (Cadena Ser de Ferrol), onde se chegou

a producir algún capítulo de teatro radiofónico en galego; ou a Celestino Ledo, que fundou e dirixiu entre os anos 1980 e 1982 o Boletín Informativo do Teatro Galego *Don Saturio*.

## 7. Sistema de GALO

O grupo GALO actuou como activador sistémico reaccionando con enerxía e ante os acontecementos e reivindicacións do sector teatral; así, cando se constitúe en Santiago a Asemblea do Teatro Galego<sup>34</sup> (ATG) o 9 de outubro de 1977, GALO súmase a esa iniciativa e promove a creación da ATG-BF.

A xuntanza constitutiva da ATG en Santiago reúne unha parte importante do sector teatral con presenza de autores, grupos de teatro profesional, afeccionados e do ensino. Entre os autores están presentes Eduardo Blanco Amor, Bernardino Graña Villar, Euloxio Rodríguez Ruibal, Manuel Lourenzo Pérez, Roberto Vidal Bolaño, Xerardo Aguado e Teodoro Piñeiro; así como representantes dos grupos Ditea, Antroido, Bosco, Teatro Circo, Farándula, Máscara, Teatro Popular Keizán, Escoitade, Alén, Triángulo, Breogán, Teatro Popular Cope de Vigo e a Universidade Laboral da Coruña Crucero Baleares.

A ATG quedou artellada en tres mesas sectoriais:

1. Teatro profesional e semi-profesional, integrada polos grupos Farándula, Teatro Popular Keizán, Antroido, Triángulo, Escoitade, Teatro Circo e Histrión 70; da que resultaron representantes Xosé Manuel Blanco Gil e Rosario Barrio Val.

<sup>26</sup> Véxase ao respecto a charla-coloquio con Xosé Lorenzo e Xavier Rodríguez de Pequeno Obradoiro de Teatro, Miro Laxe e Xaquín Lado de Teatro Libre Galego, e Gonzalo Rodríguez de Tagallo, coordinada por Manuel Beceiro, en *La Voz de Galicia* 29/12/1979; ou “«Teatro Libre Galego» un novo grupo en Ferrol”, en *La Voz de Galicia* 16/08/1979.

<sup>27</sup> Véxase a entrevista de Germán “Man” Castro a Xosé Lorenzo: “Xosé Lourenzo vocal de Teatro del Ateneo Ferrolano”, en *Ferrol Diario* 01/02/1978, p. 6.

<sup>28</sup> Véxase ao respecto: “TAGALLO: Un grupo aficionado dentro do movemento teatral galego”, en *La Voz de Galicia* 09/08/1979.

<sup>29</sup> Véxase ao respecto: “Teatro nas festas de Ferrol”, en *El Ideal Gallego*, 05/09/1978; unha crítica ao espectáculo *Ladañas pola norte de Meco* de Roberto Vidal Bolaño polo Grupo As Traiñas da Asociación de Veciños de Cariño.

<sup>30</sup> Véxase ao respecto (ademais doutras referencias do autor aquí expostas): unha crítica ao espectáculo *A taberna de Pablo Vaamonde* polo Grupo Malveira de Cariño (Yusty 1977); e outra a *Os vellos non deben de namorarse* de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao polo Teatro Circo de Artesáns (Yusty 1978?).

<sup>31</sup> Véxase ao respecto: “FENE. Reaparece o grupo de teatro Tagallo con una farsa de Manoel María”, en *La Voz de Galicia* 24/04/1979 (posiblemente atribuíble a Xosé Lorenzo, xa que se cita como comentarista a X. L.).

<sup>32</sup> Véxase a crítica de C. Ledo en *La Voz de Galicia* 24/07/1977, ao espectáculo sobre a vida de Miguel Servet: *La sagre y la ceniza* de Alfonso Sastre polo Colectivo Teatral El Buho (Ledo 1977).

<sup>33</sup> Véxase ao respecto: “Primeira Etapa do Teatro no Ferrol”, en *El Ideal Gallego* 05/10/1977.

<sup>34</sup> *La voz de Galicia* 10/10/1977.

2. Teatro Afeccionado, na que se integran Ditea, Máscara, Teatro Popular Galego, Bosco, Alén e Pepa a Loba; da que resultaron representantes Agustín Magán e Manuel Pérez Camba.
3. Teatro no ensino, na que se integran: Breogán, Universidade Laboral da Coruña Cruceiro Baleares, Farándula Infantil e Tintureira; da que resultaron representantes Xaime Aguiar Reverte e Benito Torreiro Sío.

Tamén queda aprobada a Comisión Coordinadora da ATG que estará formada polos representantes das tres mesas sectoriais.

A noticia da creación da ATG fai reaccionar ao grupo GALO, que promove unha reunión con algúns grupos da comarca para redactar un comunicado cinco meses despois (12 de xullo 1978) que se remite aos grupos operantes na zona, sendo convocados a unha xuntanza para a analizar o feito de creación da ATG. Asinaban dito comunicado: Xosé Permuy do Centro de Promoción Social de San Valentín, Rafael Díaz do grupo Costumes, Luís Yusty do grupo Arastora, Eva Campo do Grupo do Instituto Feminino, Xosé Lorenzo do Grupo de Teatro<sup>35</sup> do Ateneo Ferrolán, César Rodríguez do Pequeno Obradoiro de Teatro e María Antonia Sánchez Vigo do grupo GALO. Na xuntanza, que se celebra o 3 de abril de 1978, os grupos asistentes deciden constituírse na Asemblea do Teatro Galego da Bisbarra Ferrolá (ATG-BF) artellada na ATG creada en Santiago.

A constitución da ATG-BF levou consigo o establecemento de reunións periódicas e rotatorias pola comarca, a elaboración duns estatutos para o seu funcionamento e unha proposta de actividades inmediatas como a de programar unha entrevista co delegado do goberno en Galicia, que se celebra na Coruña o 2 outubro de 1978, e na que se expón a problemática e necesidades inmediatas dos grupos teatrais da comarca, así como outras propostas, a máis longo prazo, como a elaboración dun proxecto de Teatros Municipais (6 de xullo de 1979).

A ATG-BF levanta actas das súas reunións ata o primeiro trimestre de 1979; esas xuntanzas fortalecen o sistema na comarca, reforzan as actividades dos grupos e serven para intercambiar experiencias e estudos técnicos entre eles, ademais das fichas do grupo GALO.

A ATG-BF reúne a oferta de produción dos grupos e mesmo deseña estratexias de mercado e novas formas de produción teatral coma o proxecto dos Teatros Municipais, que estarían rexidos polos “Consellos Asesores dos Teatros Municipais”.

E para poder desenvolver de forma pública as actividades teatrais locais, elaboran unhas suxestivas normas de funcionamento cunha profunda visión sistémica, tamén aberta aos grupos de fóra, que abrangue aspectos de organización, financiamento, contratación e produción. Estas normas de funcionamento contemplaban varias cuestións como a problemática de uso dos espazos municipais, tanto para ensaiar coma para realizar funcións, a creación de bibliotecas municipais especializadas, o ensino teatral, a creación de concursos de textos teatrais e mais o intercambio de materiais e infraestruturas.

Ademais, trazaron plans de inmediata execución con propostas concretas e tamén funcionaron como foro para a discusión sobre temas teatrais e de política cultural. Entre as propostas de inmediata execución atopamos unha “Campanha de difusión teatral da bisbarra ferrolá”<sup>36</sup>, na que estaba previsto que participaran quince grupos estruturados en tres niveis segundo a frecuencia da súa actividade, para realizar 93 funcións en dous circuitos, cun orzamento estimado de preto dos dous millóns de pesetas. No nivel A estaban: Teatro Círculo de Perlío, Pequeno Obradoiro de Teatro e As Traíñas de Cariño; no nivel B: Arastora, Malveira e Costumes; no nivel C: A Carauta, Leducia, La Salle, Nordés, Vila de Neda, Ancos, Agarimo, Vilaboa e Azougue.

Os locais tamén estaban estruturados en dous circuitos: os grupos dos niveis A e B

<sup>35</sup> Refírese a un grupo de traballo non a un grupo de teatro, coma se fose a Vogalía de Teatro.

<sup>36</sup> Para comprender mellor estes proxectos de programación debemos de ter en conta, ademais das necesidades de exhibición dos grupos, outras cuestións que poderían servir, utilizando a terminoloxía de Mckee, de “incidente incitador” na formulación de novos proxectos, como una Campanha de Teatro Galego (1978) na que participan Alén, Antroido, Artello, Escola Dramática Galega, Leducia e Troula, que estaba promovida e subvencionada pola Delegación Xeral de Desenvolvemento Comunitario do Ministerio de Cultura, a través da súa Delegación Provincial de Lugo; ou as programacións de teatro galego das entidades bancarias e de aforro provinciais, que promoven actuacións por distintas localidades de Galicia, coma o programa da Caixa de Aforros Municipal de Vigo (“«La Caja» invita a sus clientes y público”).

actuarían no Instituto Feminino, na Sociedade do C.C.R.D. de Perlío, no Cine Alovi das Pontes, nos teleclubs de Castro, Pedroso e San Sadurniño; na sala Prego de Laraxe, nos cines de Mugardos e Cariño, na sala La Concha do Val, no Colexio Nacional da Capela, nos colexios Lestonnac e La Salle de Caranza en Ferrol, e no Teatro da Beneficencia de Ortigueira. Os grupos do nivel C farían o mesmo no local parroquial de Ferrol Vello, no teleclub de Vilaboa, na Sociedade Cultural de San Xoán de Piñeiro, no Instituto Feminino, no cine Ardá en Limodre, en Sillobre (posiblemente na Sociedade Agarimo), no Colexio Nacional de Neda, nos colexios Lestonnac e La Salle de Caranza, na Capela, e no teleclub de Doniños.

Porén, non son a ATG e a súa correspondente territorial ATG-BF as únicas propostas de artellamento sistémico que aparecen no panorama teatral galego nesa década. Case que paralelamente aparece en 1978 unha proposta teórica de organización teatral asinada por Xosé Manuel Blanco Gil, director do Grupo Histrión 70 e tamén membro da Comisión Coordinadora da ATG. A dita proposta sería publicada no número 1 da revista *Nova Galiza*, que se distribuía, por primeira vez de forma legal, co voceiro *Alento. Portavoz da Xuventú Comunista Galega*, baixo o título de “Alternativa democrática para o teatro galego”. Neste artigo analízase a precariedade do teatro en Galicia e propóñense medidas e proxectos de intervención para paliar unha situación herdada do franquismo. Blanco Gil propón tamén a creación dun Instituto do Teatro Galego estruturado en tres departamentos esenciais: o de Investigación, o de Teatro Nacional Galego e o da Escola de Arte Dramática; mais tamén, e de forma paralela, propón como primeiro paso importante para a normalización do feito teatral a creación de Núcleos de Acción Teatral en Galicia (N.A.T.E.G.),

que nun principio poderían estar compostos polos grupos máis representativos de Galicia, e dotados da correspondente subvención que lles permitise ter unha equipa de profesionais, inteiramente adicados á labouira de animación técnica para adultos e nenos, e en diversas especialidades. Os N.A.T.E.G. serían os xermens dos futuros complexos Teatrais, Institucións, Centros Dramáticos que se poideran criar en Galiza. (Blanco 1975: 89)

A actividade e militancia comunista na comarca de Ferrol onde se distribúen *Alento* e *Nova Galiza*, fainos pensar que resulte bastante

obvio que os membros do grupo GALO tiveran acceso ao artigo de Blanco Gil, mais por algún motivo, que nos é descoñecido, optaron por aliñarse con propostas propias na ATG, quizais por ser esta un movemento asociativo e asembleario que abrangúa, cunha ampla representación, todo o sistema teatral galego.

## 8. Dispersión de GALO

Unha característica desa época é a transhumancia de membros entre os grupos de teatro, motivada por diversos aspectos: algúns imputables á formación universitaria dos xoves elencos, outros a cuestións laborais e incluso a razóns políticas, xa que nesa altura se establece a capitalidade de Galicia en Santiago de Compostela e comeza o autogoberno coa constitución da Asemblea de Parlamentarios Galegos o 25 de xullo de 1979.

Esta mobilidade, que vén acompañada de cambios de residencia habitual, tamén afectou ao GALO e mais a outros grupos ferroláns como o Pequeno Obradoiro de Teatro, que nesa altura traslada a súa actividade e residencia a Santiago para compartir, por un tempo, o Muíño do Sarela con Eduardo Alonso e Luma Gómez.

O membro do GALO Xaquín Lado, que se iniciara no Pequeno Obradoiro de Teatro e despois no Teatro Libre Galego, realiza a derradeira ficha en agosto de 1978, supoñemos que debido á realización dos seus estudos de medicina.

A alma máter dos Grupos Arastora e GALO Luís Yusty tamén ten que trasladar, por motivos laborais, a súa residencia a Santiago, e con el tamén vai tamén a súa familia.

O mesmo ocorrería con María Antonia Sánchez Vigo, que en 1980 se ten que trasladar ao INB Salvador de Madariaga da Coruña como profesora agregada.

Esta circunstancia tamén se dá noutros lugares de Galicia como na Coruña, onde os membros do Grupo de Teatro Humanista Nuevo ASPASIA, Gonzalo Uriarte e Juan Les, tamén se desprazan a Santiago onde continúan coa actividade teatral do grupo, polo que durante un tempo curto coexisten dous grupos co mesmo nome en distintos lugares: Santiago e A Coruña.

Por mor disto, algúns grupos con residencia estable serven de acubillo para aqueles que fican na súa comarca. É o caso do Teatro Círculo de Perlío, que acolle membros de Arastora e

do Teatro Estudio no que comezaran Xoaquín Lens, Luma Gómez, Elina Luaces ou Eduardo Alonso, chegando a superar nalgún momento, o grupo de Perlío, a nómina de vinte e cinco persoas e seis espectáculos en cartel.

A mobilidade e dislocación das persoas e dos grupos tamén tería a súa parte positiva ao producir novos encontros, coma o de Quico Cadaval<sup>37</sup> co Pequeno Obradoiro de Teatro: “Coñecín xente de Ferrol que compuñan o Pequeno Obradoiro de Teatro. Con eles foi a primeira vez que fixen algo en serio, pero eramos uns ensinándonos aos outros” (Prego 2015).

Pola contra, algúns membros do GALO como Gonzalo Rodríguez terían que ficar na comarca por razóns laborais e fixar a súa residencia habitual en Ferrol, onde aínda conserva un grande arquivo teatral con todo o material que foi xuntando durante todos estes anos: recortes de prensa, carteis, fotografías, programas de man e outros materiais relacionados co teatro que foi gardando coidadosamente coa precisión da organización metódica aprendida na Bazán. Grazas a el, en boa medida, podemos hoxe recuperar estes retallos de historia teatral.

## 9. Solpor de GALO

Tras preto de dous anos de actividade o grupo GALO esmoreceu, aínda que os seus membros continuaran desenvolvendo proxectos e realizando teatro aló onde estiveran, e moitos deles sigan aínda hoxe dispersos nesta terra, caxando novas e transhumando errantes, no seu empeño de “estabilizar a itinerancia”.

No entanto, a pegada do grupo está aí e o seu pouso contaxiou a moitos outros que tamén continuaron os seus camiños; e mesmo dalgún xeito a nós, que estamos aquí para contalo, para dicir que o interese fundamental do grupo GALO foi pular o teatro galego, facilitar datos sobre o repertorio teatral, incentivar a lectura e a montaxe e mesmo –como puidemos ver– a

tradución<sup>38</sup> de obras para darlles máis difusión e máis visibilidade. Polo tanto, pódese afirmar que o labor dramaturxico colectivo do GALO, e individual de cada unha das persoas que o formaban, foi exemplar e plural.

O grupo funcionou sen máis apoios que as súas propias achegas, as súas conciencias individuais e as ideas e gustos propios de cada membro. O compromiso coa terra, coa lingua, coa literatura e co teatro marcou o rumbo do grupo na procura duns obxectivos teatrais; as súas achegas incidiron no repertorio para difundir tanto as correntes vangardistas da súa época coma o herdo dos precursores.

Mais as aventuras do GALO ou de parte dos seus membros non quedaron aí e tamén desenvolveron actividades sistémicas de políticas teatrais consensuadas, como foi o seu artellamento na ATG.

Non estamos, polo tanto, diante dun club de lectura de textos teatrais ao uso, nos que se xuntan un grupo de persoas para realizar lecturas individuais e poñelas en común entre os membros do propio grupo. O GALO, tendo no seu inicio a estrutura e funcionamento interno destes tipo de clubs, foi máis aló, xa que, ademais das recensións de obras para a elaboración de fichas, experimenta e chega a incidir no sistema teatral, participando nos procesos reivindicativos e de artellamento do sistema. O GALO intégrase no sector teatral e nas súas plataformas para poñer ao seu servizo a súa capacidade organizativa, de xestión, de recensión e de difusión, e crea as súas propias redes de comunicación.

Podemos estar polo tanto diante do primeiro grupo dramaturxico de base, que elabora e leva a cabo un plan de procura, rescate e difusión comentada dun repertorio extenso, tanto de teatro contemporáneo, coma doutros textos que xa formaban parte do noso sistema literario.

<sup>37</sup> Francisco Cadaval Ayaso (Quico Cadaval) participa como actor na terceira montaxe do grupo que levaba por título *O Cazador de perdices*, de Xosé Manuel Martínez Oca (ficha 67 de GALO), que se estrea en Ferrol o 20 de outubro de 1979; no programa de man deste espectáculo o grupo xa se define como “Compañía Teatral Galega”. Este espectáculo foi inmediatamente posterior a *Curriculum Viate* de Xosé Ruibal (ficha 33) e ¡Olo! Hai lurpios na horta de Ánxela Loureiro (ficha 51).

<sup>38</sup> Ao exposto habería que sumar o labor de tradución realizado por Eva Campo, posteriormente ao período activo do GALO, para fornecer textos da literatura dramática universal aos grupos de teatro que creaba nos centros de ensino onde traballaba, como O serrín ou Enxergo. Do seu labor podemos lembrar algunhas versións e/ou traducións ao galego como as de José Luís Alonso de Santos *Viva o Duque noso amo* (“Hoy representaciones en Fene, Mugar dos y Neda”, *Faro de Vigo* 23/05/1985), *A voz humana* de Jean Cocteau, *A casa de Bernarda Alba* de Federico García Lorca (*La Voz de Galicia*, Ferrol 15/05/1984, p. 32), *Picnic* de Fernando Arrabal (*La Voz de Galicia*, Ferrol 31/03/1984, p. 22).

Así pois, estamos convencidos de que atopamos indicios claros e concluíntes das influencias das actividades do GALO e dos seus membros no repertorio e no sistema teatral galego; e que esa influencia reverteu na actividade e visibilidade dos autores e dos grupos teatrais.

Tamén temos a certeza de que o exercicio de lectura e síntese dos textos fichados incrementou a plusvalía de cada autor e da súa obra, e outorgoulle aos membros do grupo e á súa rede de distribución o coñecemento do repertorio, algo tan necesario para o exercicio sistémico da produción e da exhibición do teatro.

Mesmo chegamos a intuír que entre os membros do grupo de lectura e os receptores destas recensións chegou a haber máis relacións profesionais, e nalgún caso o establecemento de relacións persoais e afectivas que fortaleceron o sistema e incrementaron o intercambio de proxectos.

Por iso, cremos estar en condicións de poder denominar o GALO como o primeiro grupo de dramaturxistas de Galicia, xa que o grupo –o mesmo ca Lessing pero por iniciativa propia– realiza un labor dramaturxico estudando as características de textos teatrais galegos para seren levados á escena, traballa de forma colectiva cunhas normas establecidas

e iso permítelle estudar e facer a consulta crítica dun extenso repertorio composto por preto de oitenta obras, editar as súas conclusións e espallalas nunha rede de distribución que o mesmo grupo xera.

Mesmo atopamos curiosas coincidencias temporais en ambos casos: Lessing edita as primeira parte da súa *Dramaturxia de Hamburgo* en setembro de 1767 e dá por rematada a obra en 1768, e o GALO recompila as primeiras fichas en setembro de 1977, dous séculos e unha década despois que Lessing, e tamén remata o envío de fichas un ano despois (1978), aínda que continúa elaborando fichas, que xa non son distribuídas ata xaneiro-febreiro de 1979.

Por iso propoñemos para o traballo do GALO a denominación de “Dramaturxia de Ferrol”, establecendo certo paralelismo entre a actividade do grupo e a obra de Gotthold Ephraim Lessing *Dramaturxia de Hamburgo* (1767).

Tan só queda agradecer ao GALO no seu conxunto o seu traballo, e a Gonzalo Rodríguez e Xosé Lúgaro os materiais fornecidos, o mesmo que a Luís Yusty, Eva Campo e Delia Vázquez por atender pacientemente todas as nosas chamadas e correos electrónicos que axudaron a resolver algunhas das cuestións e as dúbidas que foron xurdindo no proceso.

## 10. Dramaturxias de GALO

nº	Título	Autor/a	Dramaturxista
0	<i>Rexurdimento</i>	Leandro Carré Alvarellos	Gonzalo Rodríguez
1	<i>Viaxe ao país de ningures</i>	Manuel Lourenzo	Eva Campo
2	<i>O triciclo</i>	Fernando Arrabal	Gonzalo Rodríguez
3	<i>A sonada e proveitosa enchenta do Marqués de Ruchestinto</i>	Euloxio Rodríguez Ruibal	Eva Campo
3a	<i>A sonada e proveitosa enchenta do Marqués de Ruchestinto</i>	Euloxio Rodríguez Ruibal	Delia Vázquez
4	<i>O cabodano</i>	Euloxio Rodríguez Ruibal	Eva Campo
5	<i>Cousas da morte</i>	Euloxio Rodríguez Ruibal	Eva Campo
6	<i>Beiramar</i>	Armando Cotarelo Valledor	Luís Yusty
7	<i>Os vellos non deben de namorarse</i>	Alfonso Daniel Rodríguez Castelao	Delia Vázquez
8	<i>Os herdeiros</i>	Antón Xil	Eva Campo
9	<i>A sombra do bon cabaleiro</i>	Euloxio Rodríguez Ruibal	Eva Campo/Luís Yusty
10	<i>Mal de moitos</i>	Eugenio Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida	Gonzalo Rodríguez
11	<i>Trato a cegas</i>	Eugenio Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida	Gonzalo Rodríguez

12	<i>O cantar dos cantares</i>	Eduardo Blanco Amor	M <sup>a</sup> Antonia Sánchez Vigo
13	<i>Amor e crimes de Xan o Panteira</i>	Eduardo Blanco Amor	Eva Campo
14	<i>Nouturnio de medo e morte</i>	Antón Vilar Ponte	Luís Yusty
15	<i>A serpe</i>	Xenaro Mariñas del Valle	Delia Vázquez
16	<i>Romance de Micomicón e Adelala</i>	Eduardo Blanco Amor	Eva Campo
17	<i>A revolta</i>	Xenaro Mariñas del Valle	Delia Vázquez
18	<i>Falsa morte e certa morte de Estoraque o indiano</i>	Eduardo Blanco Amor	Eva Campo
19	<i>A tía lambida</i>	Eduardo Blanco Amor	M <sup>a</sup> Antonia Sánchez Vigo
20	<i>A farsa do cigarrón</i>	colectiva	Gonzalo Rodríguez
21	<i>Un hotel de primeira sobre o río</i>	Xohana Torres	Luís Yusty
22	<i>Romería ás covas do demo</i>	Manuel Lourenzo	Xaquín Lado
23	<i>As cadeiras celestes</i>	Norberto Ávila	Luís Yusty
24	<i>A medosa Blandina</i>	Eduardo Blanco Amor	M <sup>a</sup> Antonia Sánchez Vigo
25	<i>O triángulo ateo</i>	Xenaro Mariñas del Valle	Delia Vázquez
26	<i>Unha vez houbo un mundo novo</i>	Celestino Ledo López	Gonzalo Rodríguez
27	<i>Os anxos cómense crus</i>	Jorge Díaz	Xaquín Lado
28	<i>A chave na porta</i>	Xenaro Mariñas del Valle	Delia Vázquez
29	<i>Pauto do demo</i>	Anxel Fole	Eva Campo
30	<i>A verdade vestida</i>	Eduardo Blanco Amor	Eva Campo
31	<i>Auto do prisioneiro</i>	Ricardo Carballo Calero	Xaquín Lado
32	<i>A lebre das ánimas</i>	Eduardo Blanco Amor	M <sup>a</sup> Antonia Sánchez Vigo
33	<i>Curriculum Vitae</i>	Xosé Ruibal	Luís Yusty
34	<i>A redención</i>	Xenaro Mariñas del Valle	Delia Vázquez
35	<i>Pancho de Rábade</i>	Álvaro das Casas	Eva Campo
36	<i>Ledaíñas pola morte do meco</i>	Roberto Vidal Bolaño	Xaquín Lado
37	<i>A noite vai coma un río</i>	Álvaro Cunqueiro	Ánxeles Lombao
38	<i>Á outra banda do Íberr</i>	Xohana Torres	Eva Campo
39	<i>A Xustiza do Muiñeiro</i>	Manuel Daniel Varela Buxán	Luís Yusty
40	<i>O carteiro do Rei</i>	Rabindranath Tagore	Gonzalo Rodríguez
41	<i>As laranxas máis laranxas de todas as laranxas</i>	Carlos Casares	Delia Vázquez
42	<i>Laudamuco señor de Ningures</i>	Roberto Vidal Bolaño	Xaquín Lado
43	<i>Farsa das zocas</i>	Ricardo Carballo Calero	Eva Campo
44	<i>Informe sobre unha terra</i>	Manuel Guede Oliva	Luís Yusty
45	<i>Palabras de vispera</i>	Álvaro Cunqueiro	Ánxeles Lombao
46	<i>Don Hamlet</i>	Álvaro Cunqueiro	Ánxeles Lombao

47	<i>A tola xuiciosa</i>	Manuel Domínguez Quiroga	Eva Campo
48	<i>Fas e Nefas</i>	Eduardo Blanco Amor	Xaquín Lado
49	<i>Zardigot</i>	Euloxio Rodríguez Ruibal	Eva Campo
50	<i>A verdade vestida</i>	Eduardo Blanco Amor	Eva Campo
50a	<i>A comedia da oliña</i>	Tito Maccio Plauto	Luís Yusty
51	<i>¡Ollo! Hai lurpios na horta</i>	Ánxela Loureiro	Gonzalo Rodríguez
52	<i>Paco Pixiñas</i>	Celso Emilio Ferreiro	M <sup>a</sup> Antonia Sánchez Vigo
53	<i>Viladesfeita</i>	Manuel Ribeiro Loureiro	Gonzalo Rodríguez
54	<i>Historia dun escarmento</i>	Pedro Xosé Blanco Llano	Gonzalo Rodríguez
55	<i>Os algareiros</i>	Xosé Manuel Martínez Oca	Xaquín Lado
56	<i>A fiestra valdeira</i>	Rafael Dieste	Eva Campo
57	<i>A volta de Edipo</i>	Ánxeles Penas	Luís Yusty
58	<i>Función de Romeo e Xulieta</i>	Álvaro Cunqueiro	Luís Yusty
59	<i>Crónica da amante feia</i>	Xan Guisán	Luís Yusty
60	<i>O Mariscal</i>	Ramón Cabanillas-Antón Vilar Ponte	Eva Campo
61	<i>Mesmo semellaban bruxas</i>	Agustín Magán	Delia Vázquez / Luís Yusty
62	<i>O circo pelegrín</i>	Xosé Vázquez Pintor	Gonzalo Rodríguez
63	<i>Barriga verde</i>	Manuel María Fernández Teixeiro	Luís Yusty
64	<i>Alianza apostólica antipopular</i>	Alicia Serantes	Luís Yusty
65	<i>A parroquia</i>	Xosé Vázquez Pintor	Gonzalo Rodríguez
66	<i>O bufón del Rei</i>	Vicente Risco	Eva Campo
67	<i>A farsa do cazador de perdices</i>	Xosé Manuel Martínez Oca	Luís Yusty
68	<i>Escaparate de baratillas</i>	Xenaro Mariñas del Valle	Luís Yusty
69	<i>Agardando polo tren</i>	Paulo Baamonde	Gonzalo Rodríguez
70	<i>A man da santiña</i>	Ramón Cabanillas	Eva Campo
71	<i>Os Irmandiños</i>	Daniel Cortezón	Ánxeles Lombao
72	<i>Pilara ou a grandeza dos humildes</i>	Manuel Comellas Coimbra	Luís Yusty
73	<i>Farsa de Bululú (O meu mundo non é deste reino)</i>	Manuel María Fernández Teixeiro	Gonzalo Rodríguez
74	<i>(Extraviada)</i>	-	-
75	<i>O ferreiro de Santán</i>	Manuel Varela Buxán	M <sup>a</sup> Antonia Sánchez Vigo
76	<i>O catecismo do labrego</i>	Valentín Lamas Carbajal	Luís Yusty
77	<i>Prisciliano</i>	Daniel Cortezón	Ánxeles Lombao
78	<i>O entremés famoso sobre da pesca do Río Miño</i>	Gabriel Feijoo de Araujo	Eva Campo

## 11. Referencias bibliográficas

- Alonso, Eduardo (1981): “Unha Asociación Profesional para os Teatros”, *Don Saturio* 2, pp. 2-4.
- [Anónimo] (1977): “Constituída en Santiago a Asamblea do Teatro Galego”, *La Voz de Galicia* 10/10/1977.
- [Anónimo] (1980): “Sada: mañana comenza una «xuntanza de estudo do teatro galego»”, *La Voz de Galicia* 23/10/1980.
- [Anónimo] (1980): “Los integrantes de las siete compañías de teatro gallegas acordaron crear una asociación profesional”, *La Voz de Galicia* 14/11/1980.
- Biscainho-Fernandes, Carlos-Caetano (2006): *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema galego de produción teatral (1978-1994)*. Tese de doutoramento (dir. Laura Tato Fontaiña). A Coruña: Universidade da Coruña, Departamento de Letras (<http://hdl.handle.net/2183/12203>).
- Blanco Gil, José Manuel (1978): “Alternativa democrática para o teatro galego”, *Nova Galiza 1 Revista de Política e Cultura*, pp. 85-93.
- Chiarini, Paolo (1993): “Introducción” (trad. L. Perotto), en G. E. Lessing (1767 [1993]), *Dramaturgia de Hamburgo* (trad. F. Formosa). Madrid: ADE (Serie Teoría y práctica del teatro 5), pp. 11-64.
- Gómez Segade, Miguel Ángel (2003): “Homenaxe na lembranza (... E a utopía foi posible)”, en VV.AA., *Daquel Abrente*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, IGAEM, (Colección Centro Dramático Galego 30), pp. 49-57.
- Gómez, Xoel (1980): “Unha Mostra a destempo e de contratemplos”, *Don Saturio* 1, pp. 4-7.
- Hormigón, Juan Antonio (1993): “Dramaturgia de Hamburgo”, en G. E. Lessing (1767 [1993]), *Dramaturgia de Hamburgo* (trad. F. Formosa). Madrid: ADE (Serie Teoría y práctica del teatro 5), pp. 7-9.
- Ledo López, Celestino (1977): “Importante campaña del Ateneo”, *La Voz de Galicia* 24/07/1977.
- Lessing, Gotthold Ephraim (1767 [1993]): *Dramaturgia de Hamburgo* (trad. F. Formosa). Madrid: ADE (Serie Teoría y práctica del teatro 5).
- Lourenzo Pérez, Manuel María (2003): “El teatro independiente en Galicia”, *Assaig de teatre. Revista de l'Associació d'Investigació i Experimentació Teatral* 37, pp. 83-91.
- Mckee, Robert (2009<sup>2</sup>): *El guión*. Barcelona: Alba editorial.
- Prego, Encarna (2015): *Toda ficción é biografía, e toda biografía ten ficción* (entrevista a Quico Cadaval), *La Voz de Galicia* 27/03/2015 (<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2015/03/27/span-lang-gl-ficcion-e-biografia-etoda-biografia-ten-ficcionspan/00031427398128743491540.htm>).
- Varela<sup>39</sup> (1975): “El grupo de declamación del Toxos e Froles representará una obra, a los 60 años de su fundación” (entrevista a Luís Yusty e Gonzalo Rodríguez), *La Voz de Galicia* 26/09/1975.
- Vieites, Manuel F. (2007): “Os anos do teatro independente. Tempos de loita política e cultural”, en M. F. Vieites (coord.), *Cento vinte e cinco anos de teatro en galego*. Vigo: Galaxia / Xunta de Galicia.
- VV.AA. (1987): *Anuario teatral 1987*. Madrid: Ministerio de Cultura, Centro de Documentación Teatral.
- Yusty García, Luís (1977): “Nuestros lectores escriben crítica de teatro”, *La Voz de Galicia* 01/06/1977.
- (1978?) “Éxito do Teatro Circo de Artesáns” [s.t.] (arredor de maio de 1978).
- (1980a): “Ramón Rodríguez en Lestonnac”, *El Norte de Galicia* 09/05/1980.
- (1980b): “Teatro: *Agnus Dei dunha nai*”, *La Voz de Galicia* 22/05/1980.
- (1980c): “Teatro: *Tagallo e a memoria de mortos e ausentes*”, *La Voz de Galicia* 13/06/1980.
- (1980d): “Teatro: *Lenta raigame*”, *La Voz de Galicia* 30/07/1980.
- (1980e): “Teatro: *Absurdo con pastas*”, *La Voz de Galicia* 31/07/1980.
- (1982): “Realidade, alternativas e responsabilidade do teatro galego”, *La Voz de Galicia* 26/08/1982.

<sup>39</sup> Única sinatura da entrevista; naquela altura había dous irmáns con ese apelido traballando na delegación de *La Voz de Galicia* en Ferrol: Francisco Varela e José Varela, e calquera dos dous pode ser o autor desa entrevista.